

RESOLUCIÓN SOBRE A AUTORIZACIÓN AO GDR 21 ASOCIACIÓN DE DESENVOLVEMENTO COMARCA DE ORDES PARA OS GASTOS CORRENTES OU DE FUNCIONAMENTO (SUBMEDIDA 19.4A) E PARA A AUTORIZACIÓN DO IMPORTE MÁXIMO PARA GASTOS DE ANIMACIÓN (SUBMEDIDA 19.4B), CON CARGO Á ANUALIDADE 2018

I.- Datos identificativos

- GDR: 21 - Asociación de Desenvolvemento Comarca de Ordes

- Anualidade: 2018

- Expedientes:

Para gastos correntes (submedida 19.4A): L18-1940-21-A002

Para gastos de animación (submedida 19.4B): autorización ao GDR 21 - Asociación de Desenvolvemento Comarca de Ordes da dotación financeira máxima que se poderá destinar a proxectos de animación con cargo á anualidade 2018.

II.- Antecedentes

- A cláusula 10ª do convenio de colaboración entre a Agader e o GDR establece un importe máximo de cento setenta e un mil douscentos sesenta e tres euros con cincuenta e seis céntimos (171.263,56€) que o GDR poderá dedicar a gastos correntes (19.4A) e á animación (19.4B) con cargo á anualidade 2018. Tamén sinala que lle corresponde á Agader a autorización anual do orzamento máximo de que disporá o GDR para esta tipoloxía de gastos, que nunca poderán superar o 25% do gasto público total en que incorra o GDR no marco da estratexia de desenvolvemento local. En relación a estes aspectos, os importes para os que se pide a autorización de gastos nas submedidas 19.4A e 19.4B da medida Leader, sitúanse dentro das disponibilidades orzamentarias sinaladas na citada cláusula 10ª do convénio

-O día 15/11/2017 tivo entrada no rexistro da Agader solicitude de autorización do GDR 21 - Asociación de Desenvolvemento Comarca de Ordes pola que se prevía un importe para gastos correntes con cargo á submedida 19.4A por un importe global de cento cinco mil cincocentos noventa e seis euros con setenta e sete céntimos (105.596,77€), para a anualidade 2018.

-O día 29/11/2017 tivo entrada no rexistro da Agader solicitude de autorización do GDR 21 - Asociación de Desenvolvemento Comarca de Ordes para proxectos de animación e promoción territorial con cargo á submedida 19.4B por un importe global de vinte e oito mil euros con cero céntimos (28.000,00€), para a anualidade 2018.

II.- Fundamentos legais

-Acordo do Consello de Dirección de Agader do 10 de febreiro de 2016 polo que se aproban as bases reguladoras para a selección de estratexias de desenvolvemento local, para a selección e recoñecemento dos grupos de desenvolvemento rural como entidades colaboradoras na xestión da medida Leader de Galicia e para a concesión da axuda preparatoria, cofinanciada co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) no marco do PDR de Galicia 2014-2020, e se convoca o correspondente proceso de selección, publicado mediante a Resolución do 11 de febreiro de 2016 (DOG núm. 42, do 2 de marzo).

- Acordo do Consello de Dirección da Agader do 16 de novembro de 2016 polo que se resolve a convocatória sobre a selección de estratexias de desenvolvemento local e de GDR como entidades colaboradoras na xestión da medida Leader de Galicia, así como sobre a concesión da axuda preparatoria, cofinanciada co Fondo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader), no marco do PDR de Galicia 2014-2020.

- Convenio de colaboración entre a Axencia Galega de desenvolvemento rural (AGADER) e o GDR, asinado o 13 de decembro de 2016, para a aplicación dunha estratexia de desenvolvemento local na



medida LEADER de Galicia, cofinanciado co fondo europeo agrícola de desenvolvemento rural (FEADER) no marco do PDR de Galicia 2014-2020.

-Acordo do Consello de Dirección da Agader 29 de decembro de 2016 polo que se aproban as bases reguladoras para a concesión de axudas ao abeiro da medida 19 (LEADER), cofinanciadas con FEADER no marco do programa do PDR de Galicia 2014-2020 publicado no DOG do 18 de xaneiro de 2017 (DOG. núm. 12).

Tendo en conta os antecedentes, os fundamentos legais expostos e que a competencia para resolver sobre as autorizacións solicitadas lle corresponde á persoa titular da Dirección Xeral da Agader, en virtude do Acordo de delegación do 11 de xullo de 2013 do Consello de Dirección da Agader, feito público mediante a Resolución do 24 de xullo de 2013 (DOG nº 148, do 5 de agosto),

RESOLVO:

1. Autorizar ao GDR **21 Asociación de Desenvolvemento Comarca de Ordes** a seguinte dotación financeira máxima que poderá destinar a gastos para proxectos de animación e promoción territorial con cargo á submedida 19.4B do PDR de Galicia 2014-2020:

ANO	IMPORTE
2018	28.000,00

Esta contía distribuirase entre os proxectos concretos para os que o GDR lle solicite axuda a Agader, conforme ao previsto nas bases reguladoras aprobadas polo Acordo do Consello de Dirección da Agader do 29 de decembro de 2016.

2. Autorizar ao GDR **21 Asociación de Desenvolvemento Comarca de Ordes** a seguinte dotación financeira para o ano 2018 con cargo a gastos correntes da submedida 19.4A do PDR de Galicia 2014-2020, de acordó coas condicións que a seguir se indican, así como emitir un documento contable (PG negativo) pola diferenza entre o total solicitado para a suma da 19.4A (custes correntes) e da 19.4B (animación) e o importe establecido na cláusula 10ª do Convenio de colaboración entre a Agader e o GDR para o financiamento do total da submedida 19.4 con cargo ao ano 2018. Este saldo, que ascende a un total de **trinta e sete mil seiscientos sesenta e seis euros con setenta e nove céntimos (37.666,79€)**, será destinado ao financiamento de proxectos da submedida 19.2 do GDR con cargo á anualidade 2018, en base ás reprogramacións previstas na cláusula 18ª do Convenio de colaboración entre a Axencia Galega de desenvolvemento rural (AGADER) e o GDR.

A. O orzamento presentado e aprobado desagregado por partidas é o seguinte:

CONCEPTO	Orzamento presentado	Orzamento aprobado
I-Gastos de persoal	71.246,77	71.246,77
II-Axudas de custe do persoal técnico do GDR	6.200,00	6.200,00
III-Asistencia a xestión	1.700,00	1.700,00
IV- Suministros exteriores	9.500,00	9.500,00
V-Inmobles e equipos	9.250,00	9.250,00
VI-Outros gastos	7.700,00	7.700,00
TOTAIS	105.596,77	105.596,77

IVE subvencionable.

Non se esclúe ningún concepto dos presentados no orzamento

B. A axuda correspondente a estes gastos é incompatible con calquera outra que, para os mesmos gastos, leve cofinanciamento comunitario, independentemente do fondo de procedencia e da súa tipoloxía. En particular, será incompatible con calquera axuda cofinanciada con Feader.



- C. A intensidade da axuda con cargo á estratexia para os gastos de funcionamento poderá ser do 100%.
- D. O GDR poderá obter financiamento suplementario ou recursos materiais dos seus asociados ou doutras entidades para eses fins. Non obstante o importe das subvencións en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o custe da actividade subvencionada.
- E. O GDR deberá executar e xustificar os gastos correntes de funcionamento (19.4A) seguindo as regras xerais previstas no Réxime de Axudas. Ademais, deberá acreditarse a moderación de custes, calquera que sexa a contía do gasto subvencionable, mediante o sistema adecuado de valoración que estableza a Agader no Réxime de Axudas ou en instrucións ditadas ao efecto. Dito sistema de valoración de custes poderá consistir no establecemento de custes máximos de referencia, na comparación de polo menos tres ofertas de diferentes provedores, con carácter previo á asunción do gasto ou no establecemento de prezos máximos por un comité de avaliación que designe a Agader.
- F. A Agader pagará os gastos correspondentes aos custes correntes da estratexia de desenvolvemento local, do seguinte xeito:

No caso de solicitude do GDR, poderá concederse un anticipo de ata o 50% do orzamento disponible en cada anualidade, unha vez xustificadas os gastos en custes correntes da anualidade anterior.

O importe restante da anualidade liberarase unha vez que se xustifique o anticipo e a medida que o GDR presente as solicitudes de pago xunto coa documentación xustificativa das mesmas. Os gastos poderán ser xustificadas mensualmente ou, se é o caso, no momento do esgotamento do anticipo; sendo o 15 de novembro de 2018 o último día de prazo para a execución e xustificación do orzamento así como para a presentación da documentación xustificativa ante AGADER. Unicamente serán elixibles os gastos causados na anualidade na que o GDR solicite o seu pagamento, agás os gastos nos que incorra o GDR nos dous meses finais de cada anualidade, que poderán ser imputados polo GDR con cargo ao orzamento dispoñible da anualidade inmediatamente posterior (esta excepción non será aplicable na anualidade final do programa).

Segundo dispón a cláusula 12ª do Convenio de colaboración, o GDR poderá percibir pagamentos a conta e pagamentos anticipados por importe conxunto de ata o 100% da porcentaxe subvencionada correspondente aos pagamentos xustificadas, respecto dos gastos en custes correntes. Así mesmo, exímese ao GDR da constitución de garantías nos pagamentos a conta que poida percibir en relación cos citados gastos en custes correntes, cando o importe conxunto de pagamentos a conta e de pagamentos anticipados sexa superior aos 18.000 euros. Cando o GDR non precise os equipamentos adquiridos con cargo á estratexia, destinaranse a entidades sen ánimo de lucro que realicen actividades vinculadas ao desenvolvemento rural.

Contra esta resolución, que pon fin a vía administrativa, poderá interpoñerse recurso potestativo de reposición ante o Consello de Dirección da Agader, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da notificación, ou ben directamente recurso contencioso administrativo ante o Xulgado do Contencioso-administrativo de Santiago de Compostela, no prazo de dous meses contados igualmente desde o día seguinte ao da notificación. Tamén poderá interpoñerse calquera outro recurso que se estime oportuno

Santiago de Compostela,

O director xeral da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural
(Por delegación. Resolución do 24.07.2013. DOG nº 148, do 5 de agosto)
Miguel Ángel Pérez Dubois.

